

BIBLIOTECA MUNICIPAL DO CARBALLIÑO

Estamos acabando agosto e no tramo final de este mes e entre as vacacións e os festivos, parece ser que algunhas cousas pasan desapercibidas e nos esquecemos de elas. En este caso estamos a facer referencia ao estado tanto das instalacións como do servizo que presta a biblioteca municipal de este concello.

No mes de febreiro de este ano, dende a oposición demandábamos unha solución a situación que se viña dando con respecto a deficiencia de este servizo. Estamos a piques de comenzar setembro e a situación nin se arranxou nin se mellorou.

Aparte do arranxo dos baños da planta baixa, e o seu posterior abandono, pois tanto a limpeza como o mantemento dos mesmos é cando menos escaso, as melloras no servizo bibliotecario son inexistentes.

O horario de apertura é insuficiente, e moito máis en datas pre-controis como este mes de agosto, no que moit@s_alumn@s están as portas da realización das probas de acceso a universidade ao igual que os controis de setembro. Debido ao actual horario (de 08:00 horas a 14:00 horas de luns a venres) a xente ten que desprazarse a Ourense para poder contar cun servizo máis amplo.

Outras deficiencias que seguen sen ter arranxo, pese a que o concellal de cultura declarase no mes de Abril que a reforma íntegra da biblioteca se faría en menos de un ano e que se destinarían a elo uns 200.000 €, son:

1. LOXÍSTICOS:

1. Escaseza de fondos renovados;
2. Imposibilidade de acceso a sala de lectura as persoas con mobilidade reducida;
3. Os medios de lectura para persoas con problemas visuais non funcionan e non existe material en braille;
4. WI-FI deficiente e de mal funcionamento e inexistencia de medios informáticos e de fondos de consultas infográficos;
5. Escaseza de actividades de promoción da lectura (case nula) tanto na sección adulta como na infantil;
6. A sección infantil atópase sen acomodo ningún no seu material dispoñible (o escaso que hai) e serve de almacenaxe a ordenadores que a maioría nin funcionan;

2. PERSOAL:

1. Actualmente a biblioteca conta con dúas persoas que dan servizo na mesma, máis ningunha está cualificada para facer funcións de bibliotecario. Corre presa sacar a concurso dita praza e xunto con estas dúas persoas (auxiliares de biblioteca) dar cobertura en este servizo e ampliar asemade o horario de servizo.

3. INSTALACIÓNS:

1. A parte do arriba explicado, da escasa limpeza dos servizos da planta baixa, os mesmos carecen de papel hixiénico, papel de mans, xabón e papeleiras de lixo;
2. A mesma entrada sofre este problema de falta de limpeza: a parte lateral do ascensor está sendo utilizada como almacén de material para lixo;

3. O aire climatizado, e polo tanto a calefacción, seguen sen funcionar. A parte de que no inverno chovía por uns dos laterais do teito da sala de lectura, problema que de seguro coas primeiras choivas volverá a darse;
4. O illamento das fiestras xunto coa maioría das persianas non existe. Puidemos comprobar como para evitar o sol se pegaron carteis de papel para suplir a falta de ditas cortinas;
5. Existen boquetes e gretas en varias paredes e vigas estruturais;
6. O cadro eléctrico e algúns enchufes están a vista e nun estado de perigosidade evidente para calquera usuari@;
7. En unha das bocas de rego de emerxencias falta a tapa de cristal de protección, e para máis gravidade é dentro da sección infantil;

Como se pode observar a situación da biblioteca do Carballiño tanto a instalacións como a servizo pouco ou nada mellorou. Unhas melloras que a menos de sete meses de que se cumpra ese ano que se daba de prazo o propio grupo de goberno para arranxalo vemos que non se van facer.

Polo exposto e polas múltiples queixas de veciños e veciñas de esta vila que se veñen presentando polo deficiente servizo de esta biblioteca, Alternativa Veciñal-En Marea denunciaremos esta situación de desidia por parte do grupo de goberno e demandamos que:

1. Se amplíe o horario de apertura da biblioteca o antes posible para que @s estudantes, xente que prepara oposicións e demais [usuari@s](#) poidan desfrutar de este servizo ao longo de todo o día;
2. Se melloren e amplíen tanto os catálogos como os servizos infográficos e os medios informáticos;
3. Se lle de prioridade a eliminación das barreiras estruturais para dar acceso a persoas con mobilidade reducida e se dote as instalacións con medios para xente con outras deficiencia ou limitacións visuais e/ou auditivas tal como recolle o *R.D. Lexislativo 1/2013 de 29 de novembro, “Texto Refundido de La Ley General de Derechos de las Personas con Discapacidad y de su Inclusión Social”*;
4. Se dote este servizo con persoal cualificado.

E para que así conste.

O Carballiño, 30 de agosto de 2018
Manuel Nogueira e Lucia España; Alternativa Veciñal-En Marea